

# CONXUNTO DE PRINCÍPIOS PARA A PROTECCIÓN DE TODAS AS PERSOAS SUXEITAS A CALQUER FORMA DE DETENCIÓN OU PRISIÓN

Adoptados pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 43/173, de 9 de Decembro de 1998.

## A ASEMBLEA XERAL,

Lembrando a súa Resolución 35/177 de 15 de Decembro de 1980, que confiava à 6ª Comisión a tarefa de elaborar o proxecto de Conxunto de Principios para a Protección de Todas as Persoas Suxeitas a Calquer Forma de Detención ou Prisión e decidía instituír un Grupo de Traballo aberto para ese fin;

Tomando coñecemento do relatório do Grupo de Traballo que reuniu durante a 43ª sesión da Asemblea Xeral e completou a elaboración do proxecto de Conxunto de Principios para a Protección de Todas as Persoas suxeitas a Calquer Forma de Detención ou Prisión;

Considerando que o Grupo de Traballo decidiu submeter o texto do proxecto de Conxunto de Principios à Sexta Comisión para consideración e adopción;

Convencida de que a adopción do proxecto do Conxunto de Principios representaría unha importante contribución para a protección dos dereitos humanos,

Considerando a necesidade de asegurar unha ampla divulgación do texto do Conxunto de Principios,

1. Aprova o *Conxunto de Principios para a protección de todas as persoas suxeitas a calquer forma de detención ou prisión*, cuxo texto figura en anexo à presente Resolución;

2. Expresa o seu recoñecemento ao Grupo de Traballo relativo ao proxecto de “Conxunto de principios para a protección de todas as persoas suxeitas a calquer forma de detención ou prisión” pola súa importante contribución para a elaboración do Conxunto de Principios;

3. Solicita ao Secretario-Xeral que informe os Estados membros das Nacións Unidas ou os membros de Axencias Especializadas da adopción do Conxunto de Principios.

4. Solicita vivamente o desenvolvemento de todos os esforzos de forma que o Conxunto de Principios sexa universalmente coñecido e respetado.

## ANEXO

# CONXUNTO DE PRINCÍPIOS PARA A PROTECCIÓN DE TODAS AS PERSOAS SUXEITAS A CALQUER FORMA DE DETENCIÓN OU PRISIÓN

## Ámbito do Conxunto de Principios

Os presentes Principios aplican-se para a protección de todas as persoas suxeitas a calquer forma de detención ou prisión.

## Terminoloxía

Para efectos do Conxunto de Principios:

- a) “captura” designa o acto de deter unha persoa por sospeita de práctica de infracción ou por acto de unha autoridade;
- b) “persoa detida” designa a persoa privada da súa liberdade, excepto se o tiver sido en consecuencia de condenación pola práctica de unha infracción;
- c) “persoa presa” designa a persoa privada da súa liberdade en consecuencia de condena pola práctica de unha infracción;
- d) “detención” designa a condición das persoas detidas nos termos acima referidos;
- e) “prisión” designa a condición das persoas presas nos termos acima referidos;
- f) a expresión “autoridade xudiciária ou outra autoridade” designa a autoridade xudiciária ou outra autoridade establecida nos termos da lei cuxo estatuto e mandato oferezan as mais sólidas garantías de competencia, imparcialidade e independencia.

### Principio 1

A persoa suxeita a calquer forma de detención ou prisión debe ser tratada con humanidade e con respecto da dignidade inerente ao ser humano.

### Principio 2

A captura, detención ou prisión só deben ser aplicadas en estrita conformidade con as disposicións legais e polas autoridades competentes ou persoas autorizadas para ese efecto.

### Principio 3

No caso de suxeición de unha persoa a calquer forma de detención ou prisión, nengunha restrición ou derogación pode ser admitida aos dereitos humanos recoñecidos ou en vigor nun Estado ao abrigo de leis, convencións, regulamentos ou costumes, sob o

pretexto de que o presente Conxunto de Príncipios non recoñece eses dereitos ou os recoñece en menor grao.

#### **Principio 4**

As formas de detención ou prisión e as medidas que afecten os dereitos humanos da persoa suxeita a calquer forma de detención ou prisión deben ser decididas por unha autoridade xudiciária ou outra autoridade, ou estar suxeitas à súa efectiva fiscalización.

#### **Principio 5**

1. Os presentes principios aplican-se a todas as persoas que se encontren no territorio de un determinado Estado, sen discriminación algunha, independentemente de calquer consideración de raza, cor, sexo, lingua, relixión ou conviccións relixiosas, opinións políticas ou outras, orixe nacional, étnica ou social, fortuna, nacemento ou de calquer outra situación.

2. As medidas aplicadas ao abrigo da lei e exclusivamente destinadas a protexer os dereitos e a condición especial da muller, especialmente da muller grávida e da muller con crianzas de tenra idade, das crianzas, dos adolescentes e das persoas idosas, doentes ou deficientes, non son consideradas medidas discriminatórias. A necesidade de tais medidas, así como a súa aplicación, poderán sempre ser obxecto de revisión por parte de unha autoridade xudiciária ou outra autoridade.

#### **Principio 6**

Nengunha persoa suxeita a calquer forma de detención ou prisión será submetida a tortura ou a penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes. Nengunha circunstancia, sexa ela cal for, poderá ser invocada para xustificar a tortura ou outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes.

#### **Principio 7**

1. Os Estados deben prohibir por lei os actos contrários aos dereitos e deberes enunciados nos presentes Principios, prever sancións adecuadas para tais actos e investigar de forma imparcial as queixas apresentadas.

2. Os funcionarios con razóns para crer que ocorreu ou está iminente unha violación do presente Conxunto de Principios, deben comunicar ese feito aos seus superiores e, sendo necesario, a outras autoridades ou instancias competentes de controlou de recurso.

3. Calquer outra persoa con motivos para crer que ocorreu ou está iminente unha violación do presente Conxunto de Principios, ten dereito a comunicar ese feito aos superiores dos funcionarios involucrados, ben como a outras autoridades ou instancias competentes de controlou de recurso.

#### **Principio 8**

A persoa detida debe beneficiar de un tratamento adecuado à súa condición de persoa non condenada. Desta forma, sempre que posíbel, será separada das persoas presas.

### **Principio 9**

As autoridades que capturen unha persoa, a manteñan detida ou investiguen o caso deben exercer estritamente os poderes conferidos por lei, sendo o exercicio de tais poderes pasíbel de recurso perante unha autoridade xudiciária ou outra autoridade.

### **Principio 10**

A persoa capturada debe ser informada, no momento da captura, dos motivos desta e prontamente notificada das acusacións contra ela formuladas.

### **Principio 11**

1. Nengunha persoa será mantida en detención sen ter a posibilidade efectiva de ser ouvida prontamente por unha autoridade xudiciária ou outra autoridade. A persoa detida ten o dereito de se defender ou de ser asistida por un advogado nos termos da lei.

2. A persoa detida e o seu advogado, se o houber, deben recibir notificación pronta completa da orde de detención, ben como dos seus fundamentos.

3. A autoridade xudiciária ou outra autoridade deben ter poderes para decidir, se tal xustificar, a continuidade da detención.

### **Principio 12**

1. Serán devidamente rexistados:

- a) as razóns da captura,
- b) o momento da captura, o momento en que a persoa capturada foi conducida a un local de detención e o da súa primeira comparecencia perante unha autoridade xudiciária ou outra autoridade;
- c) a identidade dos funcionarios encargados de facer cumprir a lei que teñan intervido;
- d) indicacións precisas sobre o local de detención.

2. Estas informacións deben ser comunicadas à persoa detida ou ao seu advogado, se houber, nos termos prescritos pola lei.

### **Principio 13**

As autoridades responsábeis da captura, detención ou prisión de unha persoa deben, respectivamente no momento da captura e no inicio da detención ou da prisión, ou pouco despois, prestar-lle información e explicación sobre os seus dereitos e sobre o modo de os exercer.

### **Principio 14**

A persoa que non comprenda ou non fale suficientemente ben a lingua utilizada polas autoridades responsábeis da súa captura, detención ou prisión ten o dereito de recibir sen demora, nunha lingua que entenda, a información mencionada nos Principios 10, 11-2., 12-1.e 13 e de beneficiar da asistencia, se necesario gratuita, de un intérprete no ámbito do proceso xudicial subsecuente à súa captura.

### **Principio 15**

Sen prexuízo das excepcións previstas no Parágrafo 4. do Principio 16 e no Parágrafo 3. do Principio 18, a comunicación da persoa detida ou presa con o mundo exterior, nomeadamente con a súa familia e con o seu advogado, non pode ser negada por mais do que algúns días.

### **Principio 16**

1. Imediatamente após a captura e após cada traslado de un local de detención ou de prisión para outro, a persoa detida ou presa poderá avisar ou requerer à autoridade competente que avise os membros da súa familia ou outras persoas por si designadas, se for o caso, da súa captura, detención ou prisión, ou do seu traslado e do local en que se encontra detida.

2. As persoas estranxeiras serán igualmente informadas sen demora do seu dereito de comunicar, por medios adecuados, con un posto consular ou a misión diplomática do Estado de que sexa nacional ou que por outro motivo estexa habilitada a recibir tal comunicación, à luz do dereito internacional, ou con o representante da organización internacional competente no caso de un refuxiado ou de unha persoa que, por calquer outro motivo, se encontre sob a protección de unha organización intergovernamental.

3. No caso de un menor ou de persoa incapaz de comprender os seus dereitos, a autoridade competente debe, pola súa propia iniciativa, proceder à comunicación mencionada no presente principio. Debe en especial procurar avisar os proxenitores ou os representantes legais.

4. As comunicacións mencionadas no presente principio deben ser feitas ou autorizadas sen demora. A autoridade competente pode no entanto atrasar a comunicación por un período razoável se así o esixiren necesidades excepcionais da investigación.

### **Principio 17**

1. A persoa detida pode beneficiar da asistencia de un advogado. A autoridade competente debe informá-la dese dereito inmediatamente despois da súa captura e proporcionar-lle medios adecuados para o seu exercicio.

2. A persoa detida que non teña advogado da súa escolla, ten dereito a que unha autoridade xudiciária ou outra autoridade lle designen un defensor de oficio sempre que o interese da xustiza o esixir e a título gratuito no caso de insuficiencia de medios para o remunerar.

## **Princípio 18**

1. A persoa detida ou presa ten dereito a comunicar con o seu advogado e a consultá-lo.

2. A persoa detida ou presa debe dispor do tempo e das facilidades necesarias para consultar o seu advogado.

3. O dereito de a persoa detida ou presa a ser visitada polo seu advogado, de o consultar e de comunicar con el, sen demora nen censura e en rexime de absoluta confidencialidade, non pode ser obxecto de suspensión ou restrición, salvo en circunstancias excepcionais especificadas por lei ou por regulamentos adoptados nos termos da lei, cando unha autoridade xudiciária ou outra autoridade o consideren indispensable para manter a seguranza e a boa orde.

4. As entrevistas entre a persoa detida ou presa e o seu advogado poden ocorrer à vista mais non en condicións de seren ouvidas polo funcionario encargado de facer cumprir a lei.

5. As comunicacións entre unha persoa detida ou presa e o seu advogado, mencionadas no presente principio, non poden ser admitidas como prova contra a persoa detida ou presa salvo se respeitaren a unha infracción contínua ou premeditada.

## **Princípio 19**

A persoa detida ou presa ten o dereito de recibir visitas, nomeadamente dos membros da súa familia, e de se corresponder, nomeadamente con eles, e debe dispor de oportunidades adecuadas para comunicar con o mundo exterior sen prexuízo das condicións e restricións razoáveis, previstas por lei ou por regulamentos adoptados nos termos da lei.

## **Princípio 20**

Se a persoa detida ou presa o solicitar, será, se posible, colocada nun local de detención ou de prisión relativamente próximo do seu lugar de residencia habitual.

## **Princípio 21**

1. É prohibido abusar da situación da persoa detida ou presa para a coaxir a confesar, a incriminar-se por calquer outro modo ou a testemuñar contra outra persoa.

2. Nengunha persoa detida pode ser submetida, durante o interrogatorio, a violencia, ameazas ou métodos de interrogatorio susceptíbeis de comprometer a súa capacidade de decisión ou de discernimento.

## **Princípio 22**

Nengunha persoa detida ou presa pode ser submetida, aínda con o seu consentimento, a experiencias médicas ou científicas susceptíbeis de prexudicar a súa saúde.

### **Princípio 23**

1. A duración de calquer interrogatorio a que sexa suxeita a persoa detida ou presa e dos intervalos entre os interrogatorios, ben como a identidade dos funcionarios que os conduciran e de outros individuos presentes, deben ser rexistadas e autenticadas nos termos prescritos pola lei.

2. A persoa detida ou presa, ou o seu advogado, cando a lei o previr, deben ter acceso às informacións mencionadas no Parágrafo 1. do presente Princípio.

### **Princípio 24**

A persoa detida ou presa debe beneficiar de un exame médico adecuado, en prazo tan breve como sexa posíbel após o seu ingreso no local de detención ou prisión, posteriormente debe beneficiar de cuidados e tratamentos médicos sempre que tal se mostre necesario. Eses cuidados e tratamentos serán gratuitos.

### **Princípio 25**

A persoa detida ou presa ou o seu advogado terá, sen prexuízo das condicións razoavelmente necesarias para asegurar o mantimento da seguranza e da boa orde no local de detención ou de prisión o dereito de solicitar à autoridade xudiciária ou a outra autoridade un segundo exame médico ou opinión médica.

### **Princípio 26**

O feito de a persoa detida ou presa ser submetida a un exame médico, o nome do médico e os resultados do referido exame deben ser devidamente rexistados. O acceso a eses rexistos debe ser garantido nos termos das normas pertinentes do dereito interno.

### **Princípio 27**

A inobservancia destes Principios na obtención de probas debe ser tomada en consideración na determinación da admisibilidade desas probas contra a persoa detida ou presa.

### **Princípio 28**

A persoa detida ou presa ten dereito a obter, dentro do limite dos recursos dispoñíbeis provenientes de fondos públicos, unha cantidade razoável de material educativo, cultural e informativo, sen prexuízo das condicións razoablemente necesarias para asegurar a manutención da seguranza e da boa orde no local de detención ou de prisión.

### **Princípio 29**

1. A fin de asegurar a estrita observancia das leis e regulamentos pertinentes, os lugares de detención deben ser inspeccionados regularmente por persoas cualificadas e experientes, nomeadas por unha autoridade competente diferente da autoridade

directamente encargada da administración do local de detención ou de prisión, e responsábeis perante ela.

2. A persoa detida ou presa ten o dereito de comunicar libremente e en rexime de absoluta confidencialidade con as persoas que inspeccionan os lugares de detención ou de prisión, nos termos do Parágrafo 1., sen prexuízo das condicións razoavelmente necesarias para garantir o mantimento da seguranza e da boa orde nos referidos lugares.

### **Principio 30**

1. Os tipos de comportamento da persoa detida ou presa que constitúan infraccións disciplinares durante a detención ou prisión, o tipo e a duración das sancións disciplinares aplicábeis e as autoridades con competencia para impor esas sancións deben ser especificados por lei ou por regulamentos adoptados nos termos da lei e devidamente publicados.

2. A persoa detida ou presa ten o dereito de ser ouvida antes de contra ela seren tomadas medidas disciplinares. Ten o dereito de impugnar estas medidas perante autoridade superior.

### **Principio 31**

As autoridades competentes deben garantir, cando necesario, e à luz do dereito interno, asistencia aos familiares a cargo da persoa detida ou presa, nomeadamente aos menores, e deben asegurar, en especiais condicións, a garda dos menores deixados sen vixilancia.

### **Principio 32**

1. A persoa detida ou o seu advogado teñen o dereito de, en calquer momento, interpor recurso nos termos do dereito interno, perante unha autoridade xudicial ou outra autoridade para impugnar a legalidade da súa detención e obter sen demora a súa liberación, no caso de aquela ser ilegal.

2. O proceso previsto no Parágrafo 1. debe ser simple, rápido e gratuito para o detido que non dispoña de medios suficientes. A autoridade responsable da detención debe presentar, sen demora non razoável, a persoa detida à autoridade perante a cal o recurso foi interposto.

### **Principio 33**

1. A persoa detida ou presa, ou o seu advogado, teñen o dereito de presentar un pedido ou queixa relativos ao seu tratamento, nomeadamente no caso de tortura ou de outros tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes, perante as autoridades responsables da administración do local de detención e autoridades superiores e, se necesario, perante autoridades competentes de control ou de recurso.

2. No caso de a persoa detida ou presa ou o seu advogado non poderen exercer os dereitos previstos no Parágrafo 1. do presente Principio, estes poderán ser exercidos por



un membro da familia da persoa detida ou presa, ou por calquer outra persoa que teña coñecemento do caso.

3. O carácter confidencial do pedido ou da queixa será mantido se o requerente o solicitar.

4. O pedido ou queixa deben ser examinados prontamente e respondidos sen demora inxustificada. No caso de denegación do pedido ou da queixa, ou en caso de demora excesiva, o requerente ten o dereito de presentar o pedido ou queixa perante unha autoridade xudiciária ou outra autoridade. A persoa detida ou presa, ou o requerente nos termos do Parágrafo 1., non sufrerán prexuízo algun polo feito de teren presentado un pedido ou queixa.

#### **Principio 34**

Se unha persoa detida ou presa morrer ou desaparecer durante a detención ou prisión, a autoridade xudiciária ou outra autoridade determinará a realización de unha investigación sobre as causas da morte ou do desaparecemento, de oficio ou a pedido de un membro da familia desa persoa ou de calquer outra persoa que teña coñecemento do caso. Cando as circunstancias o xustificaren, será instaurado un inquérito, seguindo idénticos termos procesuais, se a morte ou o desaparecemento ocorreren pouco despois de terminada a detención ou prisión. As conclusións ou o relatório da investigación serán postos a disposición de quen o solicitar, salvo se ese pedido comprometer unha instrución criminal en curso.

#### **Principio 35**

1. Os danos sufridos por actos ou omisións de un funcionario público que se mostren contrarios aos dereitos previstos nun dos presentes principios serán pasíveis de indemnización, nos termos das normas de dereito interno aplicábeis en materia de responsabilidade.

2. As informacións rexistadas nos termos dos presentes Principios deben estar dispoñíbeis, de harmonia con o dereito interno aplicábel, para efecto de pedidos de indemnización presentados nos termos do presente Principio.

#### **Principio 36**

1. A persoa detida, sospeita ou acusada da práctica de infracción penal presume-se inocente, devendo ser tratada como tal até que a súa culpabilidade teña sido legalmente establecida no decurso de un proceso público en que teña gozado de todas as garantías necesarias à súa defensa.

2. Só se debe proceder à captura ou detención da persoa así sospeita ou acusada, aguardando a abertura da instrución e xulgamento cando o requiren necesidades de administración da xustiza polos motivos, nas condicións e segundo o proceso prescritos por lei. É prohibido impor a esa persoa restricións que non sexan estritamente necesarias para os fins da detención, para evitar que dificulte a instrución ou a administración da xustiza, ou para manter a seguranza e a boa orde no local de detención.

### **Principio 37**

A persoa detida pola práctica de unha infracción penal debe ser levada perante unha autoridade xudiciária ou outra autoridade prevista por lei, prontamente após a súa captura. Esa autoridade decidirá sen demora da legalidade e necesidade da detención. Ninguén pode ser mantido en detención agardando a abertura da instrución ou xulgamento salvo por orde escrita da referida autoridade. A persoa detida, cando for levada perante esa autoridade, ten o dereito de facer unha declaración sobre a forma como foi tratada durante a detención.

### **Principio 38**

A persoa detida pola práctica de infracción penal ten o dereito de ser xulgada en prazo razoável ou de agardar xulgamento en liberdade.

### **Principio 39**

Salvo en circunstancias especiais previstas por lei, a persoa detida pola práctica de infracción penal ten dereito, a menos que unha autoridade xudiciária ou outra autoridade decidan de outro modo en interese da administración da xustiza, a agardar xulgamento en liberdade suxeita às condicións impostas por lei. Esa autoridade manterá en apreciación a cuestión da necesidade da detención.

### **Cláusula xeral**

Nengunha disposición do presente Conxunto de Principios será interpretada no sentido de restrinxir ou derrogar algun dos dereitos definidos polo Pacto Internacional sobre os Dereitos Civís e Políticos.